

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	RIBADUMIA
Edificio	Igrexa de Santa María de Besomaño
Dirección	Rúa Rial, 7. 36636
	42.516741 -8.742069
Protección	
Descricion	<p>A igrexa foi totalmente reedificada no século XVIII, momento no que engadiron a sancristía e a capela do muro septentrional, mantendo a antiga planta de nave e ábsida rectangulares. Engadido do século XX é a bóveda de cemento da nave que debeu de substituír ó primitivo teitume de madeira, mentres ca ábsida conserva, aínda que modificada, a cuberta abovedada de sillares de granito. Posterior á fábrica medieval tamén debe de ser a curiosa torreta circular de acceso ó campanario do ángulo noroccidental da fachada.</p> <p>No exterior do edificio os erosionados restos románicos concéntranse no aleiro septentrional da nave, que conserva oito canzorriños de proa e en nacela, e na meridional da ábsida, atopamos un pequeno tramo de cobixa en chaflán recto liso. Os seis canzorriños deste paramento, dende o extremo occidental, son de proa, en nacela con decoración de festoneado, de cabeza de bóvido, un home levándose as mans ás meixelas, representación relativa á ira, o quinto está totalmente rozado e o sexto presenta planos superpostos con dúas baquetillas.</p> <p>No interior da igrexa os únicos elementos destacables son o profundo arco cego do paramento septentrional da nave, o arco triunfal e a bóveda da ábsida, todos moi deformados. O arco é lixeiramente apuntado e carga sobre un ábaco de chaflán recto liso que se imposta pola parte frontal do muro e os paramentos interiores da ábsida, marcando o arranque da bóveda de canón, que en orixe tamén debeu de ser apuntada.</p> <p>O tipo de figuración dos aleiros e o arco triunfal fainos pensar en unha construción do último cuarto do século XII ou principios do XIII.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	3
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	www.romanicodigital.com
Data	09-11-2025

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	<u>Menor.</u>	<u>OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</u>	1945	50	72
Torre-campanario	<u>Maior.</u>	<u>OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</u>	1951	55	96

Información completa: [Igrexa de Santa María de Besomaño - RIBADUMIA \(GALICIA\)](#)

PDF (12-04-2026)